



Título de bacharel para maiores de 20 anos

A Xunta de Galicia convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de 20 anos, nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais. Poderanse inscribir na proba, e titularen pola modalidade de Artes, as persoas que estean en condicións de validar o segundo exercicio da materia de Artes

Poderán participar nestas probas as persoas que cumpran os seguintes **requisitos**:

- a) Ser maior de 20 anos ou cumprir esa idade no ano 2025.
- b) Non estar en posesión do título de bacharel ou de calquera outro título declarado equivalente para os efectos académicos.
- c) Non estar a cursar ensinanzas de bacharelato en ningunha das súas modalidades ou réximes nin ter estado matriculado nesas ensinanzas no curso escolar 2024/25.

Os **centros onde se pode presentar as solicitudes** son os seguintes:

- a) Centro EPA Eduardo Pondal, rúa da Educación, 3-2º andar, 15003 A Coruña.
- b) IES San Clemente, rúa San Clemente, s/n, 15705 Santiago de Compostela.
- c) Centro EPA Albeiros, parque da Milagrosa, s/n, 27003 Lugo.
- d) Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor, 4, 32002 Ourense.
- e) Centro EPA Río Lérez, avenida de Buenos Aires, 26, 36002 Pontevedra.
- f) Centro EPA Berbés, rúa Marqués de Valterra, 8-1º, 36202 Vigo.

O **prazo** de presentación de solicitudes será **do 6 ao 19 de marzo de 2025**, ambos os dous incluídos.

A proba realizarase en Santiago de Compostela os días 24 e 25 de abril de 2025 no IES San Clemente, rúa San Clemente, s/n, 15705 Santiago de Compostela.

As **solicitudes** poden tramitarse en [HTTPS://SEDE.XUNTA.ES](https://sede.xunta.es) co procedemento ED534A

Máis información e **exames de anos**

anteriores en [HTTPS://WWW.EDU.XUNTA.GAL/PORTAL/EA](https://www.edu.xunta.gal/portal/ea)

Máis información no [DOG DO 3 DE MARZO DE 2025](#)